

**PUNTO
LIMPO
MÓBIL**



**Concello de
Becerreá**

Lembra que a túa colaboración
é importante para a separación
dos residuos en orixe e a súa
posterior xestión, tratamento e
valorización.

**PUNTO
LIMPO
MÓBIL**

INFORMACIÓN

 **982 360 004**

www.concellobecerreia.es

***O TEU XESTO
É IMPORTANTE***



FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Implantación de punto limpo móbil
subvencionado ao abeiro das axudas
destinadas a entidades locais de Galicia
para o financiamento de actuacións en
materia de residuos de competencia
municipal (FEDER 2014-2020).

PUNTO LIMPO MÓBIL

RESIDUOS ADMITIDOS NO PUNTO LIMPO MÓBIL

NON depositar os residuos en bolsas. Introdúzanse de forma individual no lugar que lles corresponda.

QUE É UN PUNTO LIMPO MÓBIL?

Un punto limpo móbil consiste nun contedor compartimentado no que é posible depositar diferentes tipos de residuos, como poden ser pequenos electrodomésticos, xoguetes, aceites vexetais, pilas, lámpadas, etc. Así, recolléndose de forma separada poden ser destinados a súa reutilización, favorecer o seu reciclado ou a súa correcta eliminación.

O depósito dos residuos realízase de xeito sinxelo ao través das diferentes bocas sinalizadas convenientemente.

PARA QUE SERVE?

O seu obxectivo é achegar ao cidadán os medios necesarios para evitar que determinados tipos de residuos terminen en contedores inadecuados, abarcando unha gran variedade de residuos en pouco espazo.

COMO FUNCIONA?

Para facilitar o seu uso polos veciños, o punto limpo móbil realiza unha ruta regular polas diferentes parroquias do concello, estacionando en zonas previamente seleccionadas. A información da localización pode consultarse ao través dos medios de contacto indicados no reverso desta publicación.



PEQUENOS ELECTRODOMÉSTICOS: Electrodomésticos que empregamos no fogar: aspiradoras, fritadeiras, secadores de pelo, etc.). NON se depositar aparellos electrónicos.



EQUIPOS DE INFORMÁTICA E TELECOMUNICACIÓNS: Ordenadores, impresoras, teléfonos móbiles... NON depositar electrodomésticos nin aparellos electrónicos doutro tipo.



APARELLOS ELECTRÓNICOS: Pequenos aparellos electrónicos como televisores, radios, vídeo cámaras, etc. NON depositar electrodomésticos.



FERRAMENTAS ELÉCTRICAS E ELECTRÓNICAS: Ferramentas como trades, serras, máquinas de coser, etc.



XOGUETES, EQUIPOS DEPORTIVOS E OCIO: Materiais como trens eléctricos, videoxogos, consolas, etc.



ACEITES VEXETAIS: Depositar aceite de cociña usado. O aceite débese depositar en botellas de plástico ben pechadas para evitar verteduras. NON empregar botellas de vidro. NON depositar aceites de vehículos nin pinturas.



PILAS E BATERÍAS: Todo tipo de pilas e baterías de pequenos aparellos (cámaras fotográficas, móbiles, etc.). NON depositar outro tipo de baterías (pastores eléctricos, automóbiles...).



AEROSOIS: Envases de aerosois (lacas, desodorizantes, insecticidas, etc.) tanto baleiros como con resto de produto. NON depositar aerosois de produtos farmacéuticos.



BOTES DE PINTURA, VERNICES E DISOLVENTES: Depositar envases de pinturas, vernices, disolventes, etc. NON depositar outro tipo de envases.



ILUMINACIÓN: Depositar lámpadas e tubos fluorescentes.



ENVASES BALEIROS CONTAMINADOS: Depositar envases baleiros contaminados, tanto metálicos como plásticos.

Está prohibido depositar residuos non procedentes de domicilios particulares, depositar residuos fora da súa boca específica ou mesturados, ocultar residuos perigosos en bolsas ou sacos, abandonar os residuos nas proximidades do punto limpo móbil sen introducilos no seu interior.